



Teléf.: 981 714 00
Fax: 981 715 028
sede@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Expediente: 2025/G003/000931

RESOLUCIÓN

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS COMPETITIVAS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS 2025

EXPEDIENTE: 2025/A002/000003

ANTECEDENTES:

- 1.- Providencia da Alcaldía, asinada o 22/07/2025, onde se dispón iniciar os expedientes de convocatoria de subvencións para entidades culturais 2025 (exp. 2025/A002/000002) e de convocatoria de subvencións para entidades deportivas 2025 (exp. 2025/A002/000003) cos correspondentes informes de fiscalización.
- 2.- Proposta das bases da convocatoria das bases de subvención para entidades deportivas 2025, asinada o 19/08/2025 polo alcalde.
- 3.- Informe favorable das ditas bases por parte de Intervención, con referencia MGM.25.08.22.2. de data 22/08/2025.
- 4.- Resolución de Alcaldía núm. 695/2025, de 22 de agosto na que se resolve aprobar as bases da convocatoria de subvencións ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ponteceso para a realización do programa anual de actividade deportiva do ano 2025.
- 5.- BOP núm. 169 de 05/09/2025 Convocatoria de subvencións competitivas a entidades deportivas sen ánimo de lucro para o ano 2025. BDNS (Identif.): 853135.
- 6.- Informe-Proposta de concesión provisional asinada o 03/11/2025 pola animadora deportiva e a animadora cultural ondel establecen a valoración e a prelación entre todas as solicitudes presentadas.
7. Informe favorable de intervención referencia MGM.25.11.05.1. expedido o 05/11/2025.
8. Resolución de Alcaldía núm. 880/2025, de 5 de novembro de concesión provisional das subvencións ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ponteceso para a realización do programa anual de actividade deportiva do ano 2025.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei reguladora das bases do réxime local, Lei 7/1985, modificada entre outras pola Lei 27/20213. (LBRL)
- RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais (TRLFL).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións (LXS)
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (RLXS)
- RD 500/90, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da disposición anterior en materia orzamentaria (RO).



Teléf.: 981 714 00
Fax: 981 715 028
sede@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Expediente: 2025/G003/000931

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º.- Elevar a definitiva a concesión provisional de subvencións ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ponteceso para a realización do programa anual de actividade deportiva do ano 2025, nos seguintes termos:

B. Entidades deportivas organizadoras ou participantes en dúas ou menos modalidades: importe mínimo 100 €, e máximo: 700 €

- CLUB DEPORTIVO FLECHAS POR UN TUBO: 700,00 €
- ASOCIACIÓN DEPORTIVA CULTURAL VETERANOS DE PONTECESO: 600,00 €
- PONTECESO MOTOR: 700,00 €

O total de subvencións a entidades deportivas organizadoras ou participantes en dúas ou menos modalidades: 2.000,00 €

2º.- Publicar, ao abeiro do artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro e da base 6.2 das aprobadas por resolución de alcaldía núm. 695/2025 de 22 de agosto, a presente resolución na páxina web do Concello Ponteceso (<https://sede.ponteceso.gal/opencms/gl/informacion/tablon/>).

3º.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Ante min, o secretario en acumulación, para os efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

Asinado electronicamente

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pode interpor alternativamente ou RECURSO DE REPOSICIÓN POTESTATIVO, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao que reciba esta notificación, ante o órgano que ditou o acto, ou RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo competente segundo o art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao que reciba esta notificación. Todo isto sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso máis convinte ao seu dereito.